

PEZA DO MES

xuño

2022



**A PUNTA PALMELA DA «ÍLLA DE PAZOS»
(MUÍÑOS, OURENSE)**

A punta palmela da «Illa de Pazos». (Muíños, Ourense)

A peza, unha punta Palmela, procede das sondaxes realizadas no xacemento denominado «Illa de Pazos», tamén coñecido na bibliografía arqueolóxica como «Xacemento de Barxés». Foi, nas décadas de 1980 e 1990, unha referencia obrigada para os estudos sobre a Prehistoria Recente do noroeste hispánico, incluso antes de ser escavada, debido aos materiais, fundamentalmente cerámicos, que se viñan recollendo en superficie. Este lugar e xacemento do interior de Galicia, situado na parroquia de Barxés, termo municipal de Muíños e provincia de Ourense, recibe este curioso nome porque ocupa un outeiro ocasionalmente rodeado polas augas do encoro das Conchas, no río Limia, converténdoo nunha illa cando o nivel das augas acadan a cota máis elevada de inundación.

As coordenadas UTM, tomadas no punto central da «Illa» e con respecto ao datum ETRS89, son, 585205X, 4648090Y. Ten unha altitude máxima de 554 m. En canto á cartografía de referencia, localizámolo nas follas do MTN 1:50.000 nº 301 («Lovios») e 1:25.000 nº 301-II («Muíños»). O lugar sitúase nun outeiro en esporón con suaves pendentes cara ao Limia. O seu leito orixinal localízase nas inmediacións do lugar. A conexión coa divisoria de augas entre o regato da Pousa e unhas pequenas cuncas torrenciais que desaugan no devandito encoro, hoxe está formada por un estreito «istmo» en forma de suave valgada que a conecta coa citada divisoria de augas, da que topograficamente forma parte. Sitúase sobre un solo de terra parda mesotrófica e un substrato xeolóxico de rochas migmáticas. Na contorna existen outros xacementos da Prehistoria Recente, posibles asentamentos calcolíticos precampaniformes (os chamados «Penha») que se prodigan polas dúas marxes do río principal, entre eles «Veiga de Rañadoiro», «Punta de Outeiro da Veiga», «Crasto do Ferreiro», «Porto Quintela», «As Conchas», «Veiga de Maus dos Baños» ou «Santa Comba». Ademais da punta Palmela, do mesmo lugar proceden outros materiais destacados, entre eles unha lámina retocada. Non lonxe de Illa de Pazos localizouse a cista do Bronce Antigo de «Touza da Rola».

A punta Palmela

A peza en cuestión presenta as características seguintes:

- **Sigla de escavación:** MUI-90. IP: 43.
- **Material:** cobre.
- **Dimensións;** lonxitude = 65,3 mm; anchura = 14 mm; grosor = 1,5 mm.
- **Peso:** 10,9 gr.
- **Descrición:** punta de lanza del tipo Palmela; caras: curva/plana; sección: planocóncava; perfil: recto;

pedúnculo: longo e aguzado, de sección aplanada e formado por dúas escotaduras bastante marcadas.

- **Tipo:** segundo a tipoloxía de Germán Delibes, podería incluírse no tipo BB.
- **Función:** no referido aos usos específicos deste tipo de pezas, debemos indicar que a súa función aínda nos é clara. A maioría dos autores sosteñen que, pola súa forma, tamaño e peso, podería funcionar como armadura para lanzas ou para xavelinas. Aínda que outros investigadores as relacionan con puntas de frecha, o propio peso e tamaño dificultaría tal función. Algunhas experimentacións mostran como as puntas ensaiadas con pesos inferiores aos 22 gr si que puideron utilizarse como tal. Pero debemos ter en conta que para estes momentos do Calcolítico e do Bronce Antigo, coñecemos puntas de frecha específicas, tanto líticas como metálicas, e todas de menor tamaño. Un bo exemplo é a punta de frecha que acompaña á Palmela de Illa de Pazos, con base cóncava e representativa a partir dos contextos calcolíticos precampaniformes. En todo caso, non debemos esquecer que en momentos iniciais da metalurxia, como pode ser o caso que agora tratamos, aos artefactos de cobre, ademais da súa función utilitaria, non sería difícil engadirlle un valor de prestixio da persoa que a utiliza, un prestixio que puidera asociarse con algún tipo de rango ou poder. Aínda que a procedencia parece ser dun asentamento, non poucas puntas Palmela aparecen no noroeste en enxovais funerarios, precisamente en momentos do Calcolítico e Bronce Antigo, que se caracterizan socialmente pola emerxencia da elites.

A procedencia

A peza foi descuberta durante as sondaxes que levamos a cabo na Campaña 1991 do proxecto de investigación «O Concello de Muíños e o seu marco arqueo-xeográfico», que nós mesmos diriximos. Formulamos as catas cunha cobertura moi ampla e selectiva, abarcando gran parte da superficie do lugar/xacemento. Este xacemento caracterizábase pola localización en superficie de abundante cerámica prehistórica incisa, metopada, punzonada e impresa e fragmentos con decoración de punto en raia, ademais doutros materiais de contextos posteriores, sobre todo galaico-romanos e medievais, con cerámica común e outras máis elaboradas, como TSH. Os materiais distribúense en superficie por toda a metade Sur da «Illa» e «istmo», nos lugares erosionados polas augas do encoro das Conchas. A selección dos sectores do xacemento que ían ser sondados, estivo guiada por tres causas determinantes: a topografía a distribución dos achados arqueolóxicos de superficie e a limitación imposta polo nivel das augas do encoro. Coa combinación destes criterios, seleccionamos tres sectores:

i) **Área Sur:** comprendeu toda a metade meridional do lugar incluído no nivel de inundación, pero fóra da cota

que nese momento mantiñan as augas. Dividímola en dous grupos, con oito cuadrículas de 2 m x 2 m, e de 4 m x 4 m.

ii) **Área de «Istmo»:** cunha cuadrícula (2 m x 2 m) localizada nunha zona que soamente permanece inundada cando o encoro acada a cota máxima de inundación. No momento da realización das sondaxes formaba una barra de terra que unía a illa coa terra firme.

iii) **Area de «Illa»:** con dúas cuadrículas (2 m x 2 m), único sector permanentemente descuberto e que forma unha illa cando as augas chegan á cota máxima de inundación. Orixinalmente era a parte máis elevada do suave outeiro.

Unha vez executadas as sondaxes, concluímos que o xacemento foi destruído pola erosión continua que provoca o encoro. Así o deducimos porque todos os materiais proceden de dous estratos: o Estrato I estaba formado por arrastres areosos movidos polas augas, e o Estrato II, un estreito nivel de terra que soamente ofrecía materiais arqueolóxicos nos primeiros 10/15 cms. Por esta razón, os restos procedentes de calquera dos dous estratos manteñen un mesmo contexto: o material de superficie (Estrato I) foi arrincado do seguinte e único estrato fértil (Estrato II) pola erosión das augas do encoro.

En todo caso, soamente a Sondaxe Sur ofreceu restos cerámicos pero, como vimos, sen unha diferenciación estratigráfica que ofrezca unha información arqueolóxica clara, porque os materiais son estratigraficamente inseparables. Entre eles predominan os restos cerámicos, xunto coa escasa representación de artefactos líticos tallados (como as dúas láminas, unha delas retocada e apuntada) e unha punta de frecha de base cóncava, que contextualmente debemos asociar coa punta Palmela que nos ocupa.

Análise do contexto arqueolóxico

Os traballos de B. Comendador Rey sobre os inicios da metalurxia no noroeste, especialmente a súa tese de Doutoramento, agrupa en Galicia os elementos de cobre da Prehistoria Recente en función das áreas xeográficas de procedencia. Os dos vales do Miño, Limia e Támega, vinte e catro en total e entre os que se encontra a punta Palmela de «Illa de Pazos», mostran unha característica común a doce pezas: a presenza de níquel nas súas composicións. Este metal está presente en cinco pezas do acobillo de Roufeiro (Sarreaus), nas puntas Palmela de Saceda (Cualedro), Pena Corneira (Leiro) e na da «Illa de Pazos», así como no machado de Aguís (Celanova). En palabras da investigadora «Consideramos que a presenza de impurezas de níquel en la composición de estos objetos recuperados en un área tan concreta, podría traducir la existencia de una producción melalúrgica que beneficia un mismo tipo de recursos de cobre que contiene níquel como impureza, y cuyo

proceso productivo mantiene esta presencia». Pero esta característica non implicaría, segundo a mesma autora, que a orixe da materia prima necesariamente fora foránea, aínda que non aventura a súa procedencia exacta. En todo caso, non podemos esquecer que os vales dos ríos Támega e Limia son corredores naturais de acceso entre a Galicia interior e o Norte de Portugal, como sostivemos en numerosas ocasións.

A grandes trazos, na península hispánica as puntas Palmela son características da panoplia campaniforme, en momentos avanzados do Calcolítico, mesmo na transición ao Bronce Antigo, aproximadamente entre o 1800 e o 1600 a. C., marxe que cubriría no noroeste os contextos campaniformes e os inicios da Idade do Bronce. Pero existe unha peculiaridade. Tanto na prospección arqueolóxica como nas sondaxes, non atopamos campaniformes no xacemento. Dende este punto de vista é interesante, como teorizabamos na derradeira década do pasado milenio, preguntarnos polo papel que desempeñan os asentamentos calcolíticos precampaniformes con cerámicas «Penha» na comarca da Baixa Limia. Todo parece indicar que o novidoso patrón de ocupación do territorio fronte ao anterior (os monumentos megalíticos) e a súa posible vinculación coas primeiras actividades metalúrxicas de xacementos semellantes noutros lugares, representan a primeira «calcolitización» do territorio antes das posibles achegas campaniformes, fenómeno este que dificilmente pode competir polo territorio ou integrarse nuns poboados solidamente establecidos e que ocupan unha as terras baixas da comarca, xunto ao leito do Limia, tal e como deduciamos xunto cos outros posibles asentamentos calcolíticos precampaniformes «Penha» que citabamos en parágrafos anteriores. Quizais a Palmela de Illa de Pazos represente esa etapa de transición dende estes poboados cara ao Bronce Antigo. Lembremos que preto do xacemento, secdescubriu a cista de Touza da Rola.

Alguns investigadores como J. Suárez Otero, contextualizaron varios fragmentos cerámicos de «Illa de Pazos» no Neolítico Premegalítico. Efectivamente, as tipoloxías deses fragmentos denotan semellanzas con cerámicas desa etapa e próximos aos atopados nos grupo de xacementos «A Cunchosa-O Regueiriño-O Fixón», cerámicas que tamén aparecen en zonas do interior. No xacemento que agora tratamos, non podemos testemuñar tal posibilidade máis alá das tipoloxías cerámicas, posto que, como vimos, practicamente todos os materiais proceden dun mesmo contexto estratigráfico (Estrato I/II), no que conviven as probables cerámicas neolíticas con elementos claramente calcolíticos, mesmo da transición á Idade do Bronce Antigo, como pode ser o caso da punta Palmela que agora presentamos.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: José María Eguileta Franco

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco